

Programación *Pastoral* *Curso 2018-2019*



DIOCESE
DE LUGO

Celebrando
a fe

Liñas de acción

Curso pastoral 2018-2019

1. Unha chamada persoal á santidad

Neste ano 2018 recibimos de novo unha importante « exhortación apostólica» do noso Papa Francisco, *Gaudete et exsultate*, dedicada toda ela a lembrarnos que a chamada á santidad define a nosa existencia, tamén na actualidade.

Non conformarse cos esquemas do mundo, non acalar o desexo profundo do noso corazón, senón saberse chamado a unha vida verdadeira, plenamente satisfactoria, a alcanzar o fin que Deus dispuxo para cada un de nós —a perfección, a santidad— é o deber primeiro do cristián, que poderá realizalo camiñando en presenza de Deus, seguindo a Cristo e na súa Igrexa. E igualmente non conformarse con menos que a propia vocación á plenitude, á felicidade, non caer no escepticismo, senón abrazar o designio de Deus para a nosa vida, é tamén a primeira tarefa pastoral á que estamos chamados este curso, sen a cal se esterilizan os nosos esforzos e a vida eclesial. En efecto, separados deste interese principal pola vida, que significado terían aínda a nosa palabra e o noso testemuño, para min ou para ninguén?

O xesto moral e a tarefa pastoral primeira, inseparables entre si, consisten, pois, en non acalar a propia vocación persoal que, para cada un, en calquera estado de vida, é sempre unha chamada á santidad. Para iso será necesaria a fe no Señor Xesús, na súa misericordia e a súa obra de salvación, que nos devolve a certeza do amor do Pai, permítenos non desesperar de nós mesmos por mor dos nosos pecados e, así, fundarnos na fidelidade e a paciencia divinas.

Sería un grave erro identificar a santidad cunha imaxe perfecta ou un modelo preestablecido, que sentimos alleo á nosa existen-

cia e sabemos que non imos realizar. Pola contra, a chamada á santidade dá consistencia a todo estado de vida —tamén sacerdotal. Á súa luz a nosa vida aparece como un camiño, que percorremos confiados cara aquela forma de perfección, de plenitude —de santidade— pensada por Deus para cada un en particular. A santidade, como chamada que esperta o corazón, é sempre plenamente persoal, o froito dunha historia, dun camiño feito na presenza, na compañía, coa graza e a misericordia do Señor.

Lémbrenolo con particular claridade este ano a historia extraordinaria de S. José María Díaz Sanjurjo, de quen celebramos este outubro os 200 anos do seu nacemento. Guiado polo Espírito divino, buscou sen descanso a perfección cristiá e entregouse de todo corazón á misión nas circunstancias máis difíciles; como sabemos alcanzou o martirio no entón chamado Tonkin central o ano 1857. A fe e a paixón apostólica que o movían, que plasmaron a súa biografía excepcional e a súa santidade, son unha interpelación a cada un de nós, ao afrontar un novo curso pastoral: non nos conformemos ao mundo, non apaguemos o Espírito no noso propio corazón, corramos valentemente na carreira que nos toca.

O Papa Francisco insiste especialmente en que a santidade ha de realizarse coa vida enteira, na forma de vida que sexa a nosa e, por suposto, no medio do noso mundo actual. A santidade do cristián non se refire só a algunhas partes da súa existencia, a algunhas actitudes ou actividades máis directamente de piedade, senón á persoa de cada un, á nosa vida e á nosa historia; e significa ante todo un xesto de entrega plena de si, un compromiso de todo corazón coa propia misión na vida, un amor confiado en Deus, que nos amou primeiro e sostennos no camiñar.

A presenza de cada persoa, na entrega verdadeira á propia misión, non é substituíble por nada. É o testemuño primeiro e propio de cada fiel cristián —tamén do sacerdote—, que só el pode dar, e que resulta imprescindible para facer crible o Evanxeo no mundo, para que un xesto pastoral teña pleno sentido, poida dar todo o seu froito.

Esta prioridade radical da persoa, tan xeralmente silenciada nunha sociedade que descarta a quen non resulta «produtivo» e na que a dignidade única de cada un apenas xoga papel práctico, está no centro mesmo da fe do cristián, que cre naquel que o amou ata morrer por el e que o chama a unha plenitude de

vida e de santidad. Este é tamén o único fundamento posible de toda pastoral. De feito expresamos así, en termos propios da nosa época, a nosa tradición máis clásica: non foi sempre para a Igrexa criterio principal que *salus animarum suprema lex*?

2. Apostolado seglar

Este reclamo de Francisco ao noso interese primeiro resoa para nós de modo particular este ano en que, en todas as dioceses españolas, por decisión da Conferencia episcopal, preparáremos á celebración dun Congreso sobre o apostolado seglar cara novembro de 2019. Ao longo deste curso tamén na nosa Diocese iremos recibindo indicacións e propostas de traballo para preparar este Congreso. Así, o apostolado seglar estará este ano no centro da nosa pastoral diocesana. A decisión da Conferencia responde á conveniencia de deterse a reflexionar sobre o camiño seguido nos últimos anos; pero seguramente tamén á percepción da urxencia da presenza cristiá na sociedade, nos seus diversos ambientes —políticos, culturais, laborais ou familiares—, que, en boa medida, é contido propio do apostolado seglar.

En efecto, aínda cando o maxisterio da Igrexa, de diversos modos, ofrezca orientación ás conciencias dos seus fieis ou lembre publicamente á sociedade a doutrina da Igrexa —a verdade do Evanxeo referida ao amor humano, á xustiza e a solidariedade, ás responsabilidades políticas, económicas, etc.—, iso resultaría sempre insuficiente se o ensino non fose confirmado polo testemuño vivido, polo compromiso verdadeiro, as obras e palabras dos fieis laicos. O apostolado propio dos seglares móstrase así parte esencial da vida da Igrexa e da realización da súa misión no mundo.

Na nosa Diocese seguiremos as indicacións e as propostas de traballo da Conferencia episcopal, coa coordinación da correspondente Delegación. Por suposto, por coincidir esta «misión» coa vida mesma do Pobo de Deus, moitas cousas se fixeron xa e fanse. Por iso, parte do traballo consistirá, sen dúbida, en gañar maior conciencia do significado das nosas formas de vida cristiá, do testemuño que ofrecen á sociedade, e, con seguridade, da necesidade dun proceso de conversión pola nosa banda.

A este respecto, quixera mencionar agora, en particular, os movementos organizados de apostolado seglar que existen na nosa Diocese; todos estarán chamados a un protagonismo propio.

Habemos de valorar este ano tamén especialmente os nosos matrimonios e familias, que, coas súas forzas e debilidades, cos seus sufrimentos, son totalmente decisivos para que o anuncio do Evanxeo, da presenza do amor de Deus no mundo, sexa plenamente real. Aproveitemos a este respecto o que poida achegar o noso Centro de Orientación Familiar diocesano, que este ano, por outra banda, comeza unha nova etapa, con nova dirección. Apoialo, por parte de todos, é apoiar un dos contidos fundamentais do apostolado seglar no mundo.

Pero igualmente debe considerarse Caritas, así como todas as formas asociativas de preocupación e coidado dos necesitados. Son, de maneira moi principal, expresión do apostolado seglar, manifestación deste amor novo e gratuíto que vén de Cristo e está realmente presente na historia para a salvación de todos.

Do mesmo xeito, o testemuño dado —con frecuencia, arriesgado— persoalmente nos desafíos da vida profesional, laboral ou mesmo pública de cada un, así como moitas outras actividades —educativas, catequéticas, asistenciais, etc.— son de modo cotián e ás veces silencioso lugares de apostolado moi real dos fieis cristiáns.

E non poden esquecerse tampouco as múltiples formas de colaboración coas que os fieis laicos contribúen á vida das comunidades cristiás e das parroquias, asumen nelas responsabilidades propias e colaboran máis directamente nas súas iniciativas. Pois en todo iso, construíndo a realidade concreta da Igrexa no medio da sociedade, non só se axuda á vida e ao apostolado de cada un, senón que se fai posible ademais unha presenza eclesial pública ante os ollos de todos.

Sobre todo iso poderemos reflexionar no curso que inicia, seguindo as directivas da nosa Conferencia episcopal. Aínda que algunha destas actividades conserve unha certa prioridade nas «liñas de acción pastoral» deste curso.

3. A prioridade da catequese

Este curso seguiremos prestando atención especial á catequese. Como sabemos, sen a posibilidade dunha educación non chega a realizarse o proceso da maduración humana. Esta é igualmente a condición para que os nosos nenos e mozos poidan chegar a ser adultos na fe, para que esta non quede separada da vida,

incapaz de iluminala e incidir nela. Do mesmo xeito, para que sexa real e eficaz a dimensión apostólica da vida dos fieis laicos, resulta necesario tamén un certo camiño educativo dentro da comunidade cristiá.

a) As escolas de catequistas

As «escolas de catequistas» que se fixeron o pasado curso son un paso importante, que convén continuar; pois nada dá froito sen constancia, que é a proba do interese verdadeiro.

No seu centro están as persoas dos catequistas, que son decisivas para a transmisión e a educación na fe de nenos e novos. As ensinanzas de *Gaudete et exultate* lémbrrannolo: nada se consegue sen o compromiso vital da propia persoa. Para favorecelo pode ser moi útil o acompañamento que significan estes encontros, se axudan a manter viva a propia conciencia de cristiáns e a camiñar como membros da Igrexa.

Por outra banda, a escola de catequistas segue sendo o lugar idóneo para expor adecuadamente a tarefa en concreto; non só a relación do catequista co sacerdote e a parroquia, con nenos e novos, ou a coordinación interparroquial; senón tamén os contidos para ensinar —catecismos e materiais— e os métodos a usar.

b) A dimensión litúrxica

Este curso convén insistir na relación da catequese coa parroquia e, máis en concreto, coa súa dimensión litúrxica. A relación coa liturxia implica, por suposto, a oración; pero significa necesariamente participación nunha das formas básicas de realización da Igrexa.

Sen a celebración sacramental, a referencia a Deus perde o propio da economía neotestamentaria, do realismo da Encarnación e da presenza de Deus-con-nos, e tende entón a reducirse á suma das boas intencións e da relixiosidade da persoa. Pero así non se transmite nin se conserva «a fe dos nosos pais», que sabían da presenza do Señor na celebración do sacramento, máis aló das calidades subxectivas de cada un. E escurécense aspectos importantes da nosa experiencia de Igrexa, que non é percibida xa como «a nosa nai», que nos antecede e na que recibimos a fe e a graza, nin como un Pobo constituído polo Señor Xesús, non por nós, e ao que pertencemos.

A relación coa vida litúrxica da Igrexa na parroquia é, pois, un factor imprescindible no proceso catequético, para que o neno ou o mozo perciba que a fe ensinada refírese a unha realidade presente e concreta, que a relación con Deus nos é dada en modo novo pola Encarnación do Señor Xesús. Por outra banda, esta relación coa liturxia afecta, sen dúbida, aos pais —responsables primeiros da educación dos nenos na fe— e a outros familiares, cuxa participación nas celebracións engadiría un testemuño importantísimo para os nenos, como un verdadeiro apostolado dos pais para cos seus fillos.

Ha de procurarse, por tanto, que a dimensión litúrxica poida estar presente na catequese de todos os nenos ou novos; polo que, se as circunstancias parroquiais non o fixesen posible, sería conveniente modificar incluso o modo en que se ofrece a catequese na parroquia ou na zona.

Para profundar en todo iso, e nos problemas concretos que se presentan na actualidade, **a formación permanente do clero** continuará este ano a reflexión sobre a catequese, pero concretamente en relación coa vida litúrxica.

c) O ensino relixioso escolar

Quixera engadir dous corolarios a esta perspectiva xeral, relacionados ambos cos procesos educativos de nenos e novos. En primeiro lugar lembrar a urxencia da ensinanza relixiosa escolar.

A súa posta en discusión na actual situación política pode debilitar a nosa percepción da súa necesidade. Insistamos pois especialmente na petición da materia. É hoxe en día un xesto moi significativo para os pais, para a súa conciencia e a súa responsabilidade como cristiáns, en primeiro lugar ante os seus fillos, pero logo tamén ante a escola e a sociedade enteira; será pola súa banda un xesto, non fácil, de «apostolado seglar».

E é importante igualmente que os sacerdotes lembremos a todos o ben que a clase de relixión significa. É obriga nosa orientar a conciencia dos fieis en cuestións vinculadas coa fe e a vida do cristián, e esta é unha cuestión grave; por outra banda, a nosa palabra pode ser útil tamén a outros que queiran escoitala. Ademais así lembraremos tamén a todos a relación intrínseca entre a fe e a razón, que sen dúbida necesitamos afirmar de novo, dada

a radical posta en cuestión por moitas ideoloxías do significado da fe para o uso da razón e o coñecemento da verdade, para a vida dun home intelixente e maduro.

Na nosa preocupación deste ano polos procesos catequéticos, teñamos en conta esta dimensión escolar, que na nosa sociedade volve estar explicitamente en cuestión. A Delegación de ensino pode axudarnos niso.

d) O «Sínodo dos xóvenes» e a XMX

Non podemos esquecer tampouco que este ano se celebrará o «Sínodo dos xóvenes» en outubro e a «Xornada mundial da Xuventude» en Panamá o próximo mes de xaneiro. A Delegación de Mocidade enviou xa algunha información con respecto a ambos temas.

Todos comprendemos a dificultade extraordinaria de ir á XMX a Panamá, pola distancia xeográfica e polas datas escollidas, que aquí coinciden co final do primeiro cuadrimestre escolar. Aínda que non se sumen moitos mozos á proposta, con todo resulta conveniente facela, esforzarse por que a información chegue ao maior número. Algún mozo quizá poida ir. Pero, en todo caso, transmitiriámoslles así a eles unha proposta positiva, que fala de posibilidades de vida como mozos cristiáns, das riquezas de encontro e de experiencia, da apertura de horizontes que implica a fe e a pertenza á Igrexa. Así, a XMX poderá ser, de feito, ocasión dunha certa pastoral xuvenil, de crecer na certeza de que existe unha Igrexa nova, da que somos convidados a formar parte.

O *Sínodo dos mozos*, pola súa banda, celebrarase xa este mes de outubro. Seguindo os ritmos dos seus traballos, teremos tamén ocasión de labor pastoral o próximo curso. Non podemos agora, con todo, adiantar as súas conclusións. Estamos convidados a seguir con atención a súa celebración e logo, ao seu tempo, as súas indicacións. Para non pasar por alto as contribucións deste Sínodo, contaremos coa colaboración da Delegación de Xuventude.

En todo caso, estas grandes iniciativas pastorais da Igrexa universal lémbrennos a urxencia que segue tendo a pastoral xuvenil, a pesar das súas dificultades.

4. A «Ofrenda de Galicia ao Santísimo Sacramento»

Celebraremos este ano tamén o 350 aniversario da institución da «Ofrenda ao Santísimo Sacramento» pola Xunta do Reino de Galicia, respondendo a unha petición do Cabido lucense.

Esta efemérides non só lembra o significado histórico da nosa Catedral para o reino galego, senón sobre todo cal é o núcleo, o corazón da nosa fe cristiá, do cal a Igrexa en Galicia gardou desde moi antigo clara e explícita conciencia: *hic hoc mysterium fidei firmiter profiteamur*.

Para nós, é en primeiro lugar unha invitación para avivar a memoria da tradición espiritual e cultural propia da nosa terra, esquecida a miúdo ante a presenza doutras interpretacións máis ideolóxicas ou utópicas. Fainos reflexionar, logo, sobre a nosa historia, sobre o camiño percorrido como Igrexa e sobre o desafío da evanxelización no presente.

A Ofrenda lémbra-nos que a fe cristiá vive encarnada nun pobo, en formas culturais e relixiosas determinadas, renovadas pola acollida do Evanxeo. Así foi sempre na nosa terra, na concreción de comunidades parroquiais, que desde hai moitos séculos reúnen-se nas súas igrexas para celebrar os sacramentos, en particular a Eucaristía, e para gardar viva unha fe capaz de guiar a vida de cada día e de confirmarnos na esperanza da resurrección.

Non debemos imaxinar hoxe que sexa posible unha transmisión da fe, unha experiencia crente madura, sen esta referencia eclesial clara, sen este Pobo moi real, no que se fai presente o máis universal —o Señor mesmo— na nosa particularidade.

Pensar en evanxelizar, transmitir ou conservar a fe comunicando simplemente ideas e valores, pero sen ofrecer este seguimento, esta pertenza a unha compañía de Igrexa concreta, visible e palpable, é completamente irreal.

Por tanto, volver construír comunidades verdadeiras, fundadas na fe en Xesucristo, ha de ser a nosa prioridade pastoral primeira.

Para iso, debemos poñer no fundamento aquela certeza que ten a súa expresión na Ofrenda e que determinou o rostro da nosa comunidade e da Igrexa en Galicia desde sempre: temos un Salvador, Cristo, que entregou por nós todo o seu ser, a súa carne e o seu sangue, para abrírnos o camiño da vida en comunión con El.

A defensa da presenza real no Santísimo Sacramento é, ao fin, a defensa da fe en Xesús: Cristo existe, realizou a súa misión na historia, ofrécenos a plenitude da verdade e da graza, a paz que o mundo non pode dar, é o noso Salvador. Sen a comunión na súa carne e sangue, a nosa fe e a nosa Igrexa serían outras, non serían plenamente cristiás.

Para moitas mentalidades que nos rodean, as súas ensinanzas e as súas ideas son suficientes. Nós defendemos que necesitamos e temos máis: compañía e comunión verdadeiras, un amor real —humano e divino— que se sacrifica por nós, no que cremos e no que confiamos, manifesto de modo culminante na Eucaristía. A Ofrenda, o Santísimo Sacramento exposto na Catedral, simboliza precisamente o recoñecemento dunha presenza definitiva, da profundidade da comunión, a grandeza do don, a proximidade e a humildade de Deus, a quen adoramos e en quen nos gloriamos.

Celebrems pois este ano este aniversario da Ofrenda do Reino de Galicia e procurems preparalo adecuadamente. Para todos é cousa propia: é a nosa historia e é a nosa fe.

A todos lémbraos as prioridades maiores: cremos, gozamos da comunión en Cristo, e existimos como un pobo, que incorpora o Evanxeo á vida. Este Pobo *de Deus* é unha riqueza inmensa para os seus membros e, ao mesmo tempo, unha proposta realista do Evanxeo para todos, que ademais, no noso caso, correspóndese coas raíces e tradicións máis lexítimas da nosa sociedade.

Na responsabilidade pastoral para con este Pobo, para coa Igrexa en Lugo e en Galicia, a construción cotiá da comunidade parroquial é a nosa prioridade primeira. Así é nas parroquias grandes, pero igualmente nas máis pequenas. Todos habemos de procurar darnos os medios adecuados e facer o necesario para que existan e estean coidados estes lugares de fe, de fraternidade, de caridade, de compañía na vida, sexa en ámbito urbano sexa rural. Por outra banda, este é o verdadeiro froito ao que están destinadas a Palabra e a Eucaristía, e o labor pastoral: a reconciliación e a comunión con Deus e cos irmáns. Neste sentido, habemos de dar prioridade un curso máis e continuar con perseveranza a tarefa da reorganización iniciada —que é, en realidade, a reorganización da nosa tarefa evanxelizadora.

A especial celebración da Ofrenda este ano de 2019 pode axudarnos neste camiño, o mesmo que segue o Pobo de Deus na nosa terra desde tempos inmemoriais.

5. Santa María, Nai de Deus e da Igrexa

Pidamos á Virxe María, que mira con amor grande a todos os seus fillos, e preside a nosa Catedral e a nosa Diocese, que nos ampare e nos protexa neste camiño de fe naquel que tomou corpo no seu seo e converteuno logo no instrumento da vida e da comunión máis plena. Que saibamos honralo, non só nalgúns días e festas, non só no Corpus e na Ofrenda, senón coa nosa vida, persoal e comunitaria.

Que a nosa Igrexa, que ten na Santísima Virxe unha Nai, sexa sempre fogar verdadeiro, casa de comunión. E que todos os chamados a exercer algunha responsabilidade pastoral nela —e os sacerdotes en particular— vivamos sempre na certeza de ser enviados a anunciar a salvación e o perdón, e a servir á unidade na fe e na comunión do rabaño do Señor.

+ *Alfons, hijo de
deus*